



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

CERTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

MARTA VÁZQUEZ GAREA
SECRETARIA DO CONCELLO DE ORDES

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de setembro de 2026 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

11. CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE ORDES DO ANO 2026

Exp. 2026/A011/000001

*Expediente de convocatoria de axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2026
(Expde. 2026/A011/000001).*

*Corresponde ao Concello o establecemento de medidas complementarias de apoio ás
unidades familiares do Concello de Ordes mediante o deseño de mecanismos que axuden a
fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.*

Vistas as Bases reguladoras da concesión das axudas.

*Visto o disposto na Base 58ª (Axudas e subvencións públicas) de execución do orzamento
municipal 2026.*

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro e na Lei 9/2007, de 13 de xuño.

*Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas
polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 19 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a
favor, sendo seis o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:*

*1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 231.480.00 do orzamento municipal para 2026, por
importe de VINTECATRO MIL EUROS (24.000,00).*

*2º.- Aprobar a convocatoria axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2026, así como as
súas bases reguladoras.*

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación, por orde e co visto e
prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

V. e pr.
O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

José Luis Martínez Sanjurjo

Marta Vázquez Garea
(Resolución do 01/06/2026 da DXAL)